



CIRCULAR 36-2021.

V CONTROL INVERNO FGA PISTA AO AIRE LIBRE 2021

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o V Control en Pista ao Aire Libre o día 28 de marzo de 2021, nas pistas de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra.

Art.2). Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.3). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2021)

Art.4). Participación.

- Nos concursos terán preferencia aqueles/as atletas que non teña marca dende o 1 de novembro da tempada 2020.
- Reparto de prazas: Sortearase unha letra a partir da cal serán asignadas as prazas por orde alfabético de apelido entre aqueles/as atletas sen marca. Despois e do mesmo xeito asignaranse entre aqueles atletas con marca.

Art.5). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

V CONTROL INVERNO FGA PISTA AO AIRE LIBRE - 28/03/2021	
HORA	PROBA
10:00	Control Altura Homes Dende Sub 10 ata Abs
11:08	Control Altura Homes Dende Sub 10 ata Abs
12:02	Control Altura Mulleres Dende Sub 10 ata Abs
13:02	Control Altura Mulleres Dende Sub 10 ata Abs
13:44	Control 5.000 Abs Homes - Mulleres

Os concursos de altura poderán ser mixtos, axustándose ás categorías dos atletas.

Art.6). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 22 de marzo para os concursos e ata as 20:00h do martes 23 de marzo para a proba dos 5.000m.

Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta e proba. O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 24 de marzo nos concursos e ata o 25 de marzo ás 10:00h para a proba dos 5.000. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.7). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



Art.8). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) segundo o artigo 5 do presente regulamento. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9). O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, pendente da limitación da redución de aforo da instalación do CGTD determinada pola actual situación derivada do COVID-19. Á espera de que sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.10). Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.11). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 22 de marzo de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo